


4.- COÑECEMENTO DO GALEGO

4.1.- ENTENDEN GALEGO

Evolución das persoas que “entenden galego” segundo os censos 1991-2001

A porcentaxe de poboación que entende galego incrementouse no censo de 2001 con respecto ao de 1991. O incremento produciuse en todas as cidades galegas sen excepción. Comparativamente entre cidades, A Coruña e Ferrol contan coas porcentaxes máis baixas no tocante ao entendemento do galego no censo de 2001, por debaixo do 98% (97,94% ambas as dúas). Pontevedra amosa o maior incremento do período intercensual e sitúase nun 98,76%; era a cidade coa porcentaxe máis baixa de poboación que entendía galego en 1991. Lugo, no ano 2001, encóntrase cunha porcentaxe moi próxima ao 99,00%: cun 98,97% que entende galego. As cidades que superan esta barreira son Santiago de Compostela (99,19%) e Ourense (99,03%) e aproxímanse deste xeito á porcentaxe que acadaba Galicia: o 99,16% da poboación entende o galego. A provincia da Coruña, se a consideramos no seu conxunto, tamén pasa do 99 %.



En conxunto, o que se observa é que tanto as cidades, como a provincia da Coruña e Galicia, experimentaron un gran crecemento con respecto ao grao de entendemento do galego na última década.

As porcentaxes de aumento son máis altas naqueles sitios onde se entende menos o galego, ata situarse a un punto ou menos das cidades onde se entende máis, diferenza que no ano 1991 acadaba ata 3 puntos.

“Entende Galego” na UDC

Entende galego		Sector		
		Alumnado	PDI	PAS
Moi ben	<i>Reconto</i>	1337	326	238
	% de sector	66,52	58,74	54,97
Ben	<i>Reconto</i>	592	187	175
	% de sector	29,45	33,69	40,42
Regular	<i>Reconto</i>	61	39	18
	% de sector	3,03	7,03	4,16
Mal	<i>Reconto</i>	20	3	2
	% de sector	1,00	0,54	0,46
Total	<i>Reconto</i>	2010	555	433
	% de sector	100,00	100,00	100,00

Existen unhas diferenzas ben marcadas entre o alumnado, o persoal docente e investigador e o persoal de administración e servizos, no que respecta a entender o galego, de tal xeito que é o alumnado o que o entende mellor.

Se consideramos o alumnado que o entende ‘moi ben’ por un lado, e por outro a suma dos que o entenden ‘moi ben’ + ‘ben’, obtemos os seguintes datos:

Orde do grao de entendemento do galego ('moi ben'; 'moi ben' + 'ben'), segundo o sector universitario		Grao de entendemento			
		Moi ben		Moi ben + ben	
Orde que ocupan os distintos sectores universitarios	1º	Alumnado	66,52 %	Alumnado	95,97 %
	2º	PAS	54,97 %	PAS	95,38 %
	3º	PDI	58,74 %	PDI	92,43 %


Resulta digno de mención que unha elevada porcentaxe de PDI e de PAS, que se atopa traballando nunha universidade galega, onde o galego é unha lingua oficial para comunicarse, e que, polo seu labor, eses colectivos deben relacionarse con galegos/as, ben dentro da Universidade –o alumnado é o destinatario fundamental ao que deben dedicar os seus servizos–, ben fóra da Universidade –non se pode concibir unha Universidade que non se comunique co seu contexto social, empresarial, institucional, político, civil...–, non saiba comunicarse na lingua prioritaria desta sociedade.

Se no caso do PDI aínda ten unha explicación ao non ser obrigatoria a ensinanza en galego, no caso do PAS parece increíble que nunha institución onde unha das probas fundamentais para acceder ao posto se basea en saber galego, existan persoas que declaran que non o entenden. Deben de ser os membros de goberno da universidade quen tome medidas urxentes neste tema e facilitar os cursos necesarios para solucionar o problema.

Comparación dos membros da UDC que entenden galego cos resultados dos censos de 1991-2001

A comparación dos distintos sectores (alumnado, PAS, PDI)¹ cos censos de 1991 e 2001 amosa que o alumnado, PAS e PDI están no ano 2003 en porcentaxes que corresponderían ao censo do ano 1991. A porcentaxe de alumnado que entende galego sitúase por riba da porcentaxe de cidades da costa (A Coruña, Pontevedra, Vigo e Ferrol) e por debaixo das cidades do interior Lugo, Santiago de Compostela e Ourense. O PAS está un pouco máis abaixo do alumnado. Hai que destacar o baixo grado de entendemento do galego por unha considerable porcentaxe do PDI.

O grao de entendemento do galego na universidade deberíase equiparar – como mínimo– á realidade galega actual. Polo que sería necesario facer de xeito urxente un plan para normalización lingüística.



Comparación do alumnado da UDC coa década pasada e coas outras universidades


Se comparamos a categoría *entende galego moi ben*, o alumnado do 2003 (66,52%) entende mellor o galego que o alumnado de 1994 (38,20%). O gran cambio está no paso de entendela ben a entendela moi ben. A porcentaxe de alumnado que entende regular redúcese a máis da metade (6,60% ó 3,03%).

Entende galego	Alumnado da UDC	
	1994	2003
Moi ben	38,20%	66,52%
Ben	55,00%	29,45%
Regular	6,60%	3,03%
Mal	0,30%	0,54%

¹ Para crear o gráfico utilizamos o graos de entendemento ('moi ben' + 'ben').

No ano 1994 había unha porcentaxe importante de alumnado que declaraba que só entendía ben, e no ano 2003 a maioría dos/as alumnos/as entrevistados/as (2/3) estiman que o entenden moi ben

O alumnado que non entendía galego ('regular'+ 'mal') reduciuse dun 6,90% ao 3,57%, mentres o que o entendía ('moi ben' + 'ben') aumentou do 93,20% ao 95,97% no 2003.



Entende galego	Alumnado da UDC	
	1994	2003
Si (Moi ben + Ben)	93,20%	95,97%
Non (Regular + Mal)	6,90%	3,57%

O incremento da porcentaxe de alumnado que *entende (moi ben + ben) galego* nesta década debeuse, entre outros factores, á maior utilización do galego nas escolas e institutos de ensinanza media.

As universidades de Santiago de Compostela e Vigo tamén fixeron estudos sobre o grao de coñecemento do galego entre o seu alumnado. Aínda que utilizaron metodoloxías diferentes, é interesante ver a comparación do grao de entendemento do alumnado das tres universidades.

Grao de entendemento do galego do alumnado da USC -1995-	Porcentaxe
Ningún	1,0%
Entende	3,9%
Entende e fala	0,6%
Entende, fala e le	4,4%
Entende, fala, le e escribe	15,3%
Entende, fala, le, escribe e ten coñecemento de gramática	74,8%

O alumnado da Universidade de Santiago de Compostela no 1995 contaba cun alto coñecemento de galego pois o 99% tiña algunha noción da lingua. Só un 1,0% do alumnado non entende o idioma.

Grao de dificultade para entender o galego do alumnado da UV -1996-	
Moita dificultade	1,4%
Pouca dificultade	14,4%
Ningunha dificultade	83,8%
NS/NC	0,4%


Na Universidade de Vigo o 83,8% non ten dificultade para entender o galego e o 14,4% ten pouca dificultade. Se sumamos estas porcentaxes obtemos que o 98,2% dos/as alumnos/as teñen pouca ou ningunha dificultade para entender o galego.

Se comparamos as categorías mal (UDC), ningún (USC) e moita dificultade (UV), e gardamos as reservas necesarias pola utilización das distintas metodoloxías e por facelo en distintos momentos (2004, 1995 e 1996), o alumnado da UDC atópase nunha situación máis favorable que o das outras universidades.

Entenden galego segundo as condicións sociais de existencia. Censos 1991-2001


Para analizarmos a situación do entendemento do galego por parte da poboación por grupos de idade debemos ter en conta o cambio de metodoloxía do IGE: no ano 1991 empeza na idade de 3 anos e no 2001 a idade de 5 anos. Ademais tampouco coinciden os anos de división dos distintos grupos.

Se comparamos os gráficos dos anos 1991 e 2001, podemos observar o incremento xeneralizado en todas as cidades e grupos de idades do entendemento do galego.



Unha característica igual para todas as cidades, para a provincia da Coruña e para Galicia é a influencia nos grupos de idades infantís (3-5, 6-10 e 11-14 anos no ano 1991, e 5-9 e 10-14 anos no ano 2001) da escola. Para unha ampla porcentaxe de nenos e nenas é o primeiro lugar de contacto coa lingua. Nestas idades nótase unha ruptura positiva no entendemento do galego, dado que o incremento das porcentaxes de entendemento é moi alto no paso dun a outro grupo de idade.

Cómpre comentar tamén, con respecto ao ano 2001, que o grupo de idade de 10-14 anos conta coas mellores porcentaxes de entendemento do galego en todas as cidades, provincia da Coruña e Galicia, con porcentaxes por riba do 99% en todos os casos. É dicir, estamos nun momento en que a escola serve para aprender a lingua de xeito xeneralizado.



No ano 2001 é en Santiago de Compostela onde hai un maior grao de entendemento en xeral de todos os grupos de idade –cidade que se sitúa mesmo por riba de Galicia– feito que hai que ter en conta para considerar a influencia da universidade na sociedade e viceversa. Tamén é certo que o peso da Universidade sobre a cidade en Santiago de Compostela é moito máis importante que na Coruña.

Os gráficos de entendemento do galego nas cidades de Galicia por niveis de estudos para os anos 1991 e 2001², confírmannos o que comentamos anteriormente: o salto cuantitativo no entendemento do galego no paso do


² Para analizar o grao de coñecemento do galego segundo o nivel de estudos, entrevistáronse, no censo do 1991, individuos de 10 anos de idade en adiante, mentres que no 2001 os individuos aos que se lles realizou a enquisa tiñan 16 anos ou máis.

nivel 1 (non saben ler nin escribir) de estudos aos niveis seguintes. A escola ten unha grande importancia para o coñecemento do galego. As diferenzas entre os municipios costeiros, –A Coruña, Ferrol, Pontevedra e Vigo– e os do interior, –Santiago de Compostela, Lugo e Ourense–, amósanse en todos os niveis de estudos. Entenden mellor o galego nas cidades do interior que nas cidades costeiras nos dous censos de referencia.


Niveis

1: Non sabe ler nin escribir; 2: Est. primarios incompletos; 3: Grad. Escolar, EXB ou B. elemental; 4: E. secundarios, FP, BUP, B. superior; COU...; 5: Estudos universitarios.


**Entendemento do galego segundo o nivel de estudos, cidades e Galicia.
Censo de 1991**




**Entendemento do galego segundo o nivel de estudos, cidades e Galicia.
Censo de 2001**




O crecemento nesta década das porcentaxes de entendemento de galego na poboación analfabeta (nivel 1) en todas as cidades agás Vigo é salientable, e destaca o maior incremento da cidade de Ferrol. Quizais sexa debido ao efecto de galeguización dos medios de comunicación, porque estamos falando de individuos que non foron á escola. Tamén é importante o incremento no entendemento do galego nos outros niveis de estudo.



O entendemento do galego segundo a rama da actividade é alto. As porcentaxes son superiores ao 95% en todas as cidades no ano 1991. Os sectores da construción, da industria e o comercio teñen as porcentaxes máis altas de entendemento do galego nas capitais, mentres a agricultura e a pesca teñen as porcentaxes máis altas na provincia da Coruña e en Galicia.




Entendemento do galego segundo a rama da actividade, cidades e Galicia. Censo 2001



No censo de 2001 obsérvase un incremento xeral en todos os sectores e en todas as cidades. As cidades de Pontevedra e A Coruña tiveron os maiores incrementos das porcentaxes de entendemento do galego, en todas as ramas de actividade, con melloras entre o 1 e o 2,2 %.

Entendemento do galego segundo a rama da actividade, cidades e Galicia. 2001-1991



Membros da UDC que entenden o galego segundo as condicións sociais de existencia

As condicións sociais de existencia están condicionando que as persoas entendan o galego en distinto grao; é significativa a asociación co sexo, a idade, o lugar de nacemento, os estudos dos pais³, o sector de ocupación e a ideoloxía do entrevistado.

En todos os sectores, a ideoloxía está relacionada co coñecemento do galego, de tal xeito que aqueles que se teñen por galegos fundamentalmente e consideran que Galicia é un país, unha nación ou un Estado, coñecen o galego en maior medida que os outros.

No sector do alumnado, vese que a idade é un factor a ter en conta, xa que as persoas que o entenden en menor medida son as maiores de 29 anos, aquelas que quizais non recibiron educación en galego na escola

Tamén é relevante o lugar de nacemento: as persoas que naceron nas aldeas enténdeno mellor, aínda que seguidas moi de preto polas que naceron nas vilas e cidades de Galicia. Nun menor grao de entendemento sitúanse as que naceron fóra de Galicia, das cales as que naceron *fóra de España* teñen un maior coñecemento (seguramente fillos de emigrantes) que as que naceron no *resto de España*.

ALUMNADO QUE ENTENDE O GALEGO (SEGUNDO AS CONDICIÓNS SOCIAIS DE EXISTENCIA)

<u>Condicións sociais de existencia</u>	Grao de coñecemento					
	Agregado		Desagregado			
	SI (Moi ben + Ben)	NON (Regular + Mal)	(Grao de significación: .05)			
Sexo						
Muller	96,38	3,62	64,22	32,16	2,84	0,78
Home	95,41	4,59	69,73	25,68	3,30	1,30
Idade						
17 a 20 anos	96,47	3,53	63,61	32,85	2,75	0,79
21 a 23 anos	96,56	3,44	70,84	25,72	2,34	1,10
24 a 25 anos	93,58	6,42	64,86	28,72	4,39	2,03
26 a 29 anos	97,18	2,82	66,67	30,51	2,82	
Maiores de 29 anos	89,13	10,87	56,52	32,61	10,87	
Lugar de nacemento						
Cidade de Galicia	97,78	2,22	64,17	33,61	1,76	0,46
Vila de Galicia	98,56	1,44	74,16	24,40	1,20	0,24
Aldea de Galicia	99,28	0,72	85,97	13,31	0,72	
Resto de España	75,51	24,49	31,97	43,54	19,73	4,76
Fóra de España	85,06	14,94	55,17	29,89	6,90	8,05
Anos que leva residindo en Galicia						
Primeiro ano	45,83	54,17	12,50	33,33	29,17	25,00

³ Aínda que na enquisa se consideraba a posibilidade de que os pais non soubesen ler nin escribir (o nivel 1 nos datos censuais), esta opción non aparece nos resultados ao non haber apenas pais de universitarios que contestaron esta opción.

Entre 1 e 5 anos	56,76	43,24	8,11	48,65	35,14	8,11
Entre 6 e 10 anos	81,82	18,18	31,82	50,00	13,64	4,55
11 e máis anos	95,27	4,73	61,49	33,78	4,73	
Estudos do pai						
Primarios incompletos	94,97	5,03	77,36	17,61	4,40	0,63
G. escolar, EXB, B. elemental	97,85	2,15	67,95	29,90	1,57	0,57
Secundaria, BUP, FP	96,24	3,76	65,73	30,52	2,03	1,72
Universitarios	93,70	6,30	62,60	31,10	5,49	0,81
Estudos da nai						
Primarios incompletos	95,95	4,05	70,52	25,43	3,47	0,58
G. Escolar, EXB., B. elemental	97,76	2,24	69,06	28,70	1,91	0,34
Secundaria, BUP, FP	94,58	5,42	63,25	31,33	4,06	1,35
Universitarios	93,98	6,02	63,61	30,36	3,86	2,17
Ocupación da nai						
Empresaria con empregados/as	96,77	3,23	70,97	25,81	2,15	1,08
Autónoma	97,12	2,88	73,38	23,74	2,88	
Empregada con titulación	93,84	6,16	64,81	29,03	3,78	2,39
Empregada sen titulación	97,84	2,16	66,55	31,29	2,16	
Labrega/gandeira	96,00	4,00	86,00	10,00	4,00	
Ama de casa	96,83	3,17	64,88	31,96	2,62	0,55
Sector de actividade do pai						
Agricultura, gandaría, pesca	96,64	3,36	77,18	19,46	2,68	0,67
Construción	95,24	4,76	71,06	24,18	4,03	0,73
Industria	97,38	2,62	65,28	32,10	2,18	0,44
Servizos, comercio etc.	95,65	4,35	65,28	30,37	3,03	1,32
Concepción de Galicia						
Rexión	90,79	9,21	53,56	37,24	6,69	2,51
Autonomía	96,48	3,52	63,88	32,60	2,81	0,70
País	98,91	1,09	83,61	15,30	0,55	0,55
Nación-Estado	97,00	3,00	79,83	17,17	1,72	1,29
Que se considera fundamentalmente?						
Só galego/a	99,12	0,88	80,53	18,58	0,44	0,44
Máis galego/a que español/a	99,18	0,82	75,12	24,05	0,82	
Igual galego/a que español/a	97,78	2,22	64,08	33,70	1,88	0,33
Máis español/a que galego/a	94,32	5,68	50,00	44,32	5,68	
Só español/a	70,13	29,87	24,68	45,45	20,78	9,09
Outras	77,78	22,22	56,67	21,11	16,67	5,56

No sector do PDI, observamos que a idade segue a condicionar o coñecemento, *pero de distinto xeito que no alumnado*, xa que aquí son as persoas do PDI de maior idade as que mellor o entenden, polo que temos unha diferenza substancial entre os menores de 33 anos e o grupo seguinte de idade (33-43 anos).

Tamén no PDI se pode apreciar que o *lugar de nacemento* incide no coñecemento do galego, mais neste caso as persoas que naceron nas cidades de Galicia teñen unhas porcentaxes similares ás que naceron no resto de España ou fóra, moi por debaixo dos oriúndos das aldeas e vilas de Galicia.

Os *estudos dos pais* condicionan o coñecemento do galego tanto no PDI coma no alumnado: enténdeno menos os fillos de persoas con estudos universitarios.

No ámbito das ciencias sociais e xurídicas danse as menores porcentaxes de entendemento, 10 puntos ou máis por debaixo dos outros campos científicos.

PDI QUE ENTENDE O GALEGO SEGUNDO AS CONDICIÓNS SOCIAIS DE EXISTENCIA

<u>Condicións sociais de existencia</u>	Grao de coñecemento					
	Agregado		Desagregado			
	SI (Moi ben + Ben)	NON (Regular + Mal)	(Grao de significación: .05)			
Idade						
menores de 33 anos	89,80	10,20	75,51	14,29	10,20	
33 a 43 anos	94,63	5,37	57,02	37,60	4,96	0,41
maiores de 43 anos	91,16	8,84	53,02	38,14	7,91	0,93
Lugar de nacemento						
Cidade de Galicia	91,12	8,88	61,51	29,61	8,55	0,33
Vila de Galicia	97,14	2,86	71,43	25,71	1,43	1,43
Aldea de Galicia	100,00	0,00	75,56	24,44		
Resto de España	90,20	9,80	33,33	56,86	8,82	0,98
Fóra de España	91,18	8,82	61,76	29,41	8,82	
Anos que leva residindo en Galicia						
Primeiro ano	25,00	75,00	25,00		75,00	
Entre 1 e 5 anos	82,98	17,02	14,89	68,09	14,89	2,13
11 e máis anos	97,62	2,38	55,95	41,67	2,38	
Estudos do pai						
Primarios incompletos	98,51	1,49	73,13	25,37	1,49	
G. escolar, EXB, B. elemental	92,43	7,57	62,16	30,27	5,95	1,62
Secundaria, BUP, FP	98,00	2,00	57,00	41,00	2,00	
Universitarios	87,94	12,06	51,76	36,18	12,06	
Estudos da nai						
Primarios incompletos	98,02	1,98	65,35	32,67	1,98	
G. escolar, EXB, B. elemental	92,77	7,23	60,43	32,34	5,96	1,28
Secundaria, BUP, FP	94,32	5,68	50,00	44,32	5,68	
Universitarios	86,40	13,60	56,00	30,40	13,60	
Ocupación do pai						
Empresario con empregados/as	93,06	6,94	52,78	40,28	6,94	
Autónomo	93,44	6,56	59,02	34,43	3,28	3,28
Empregado con titulación	88,69	11,31	54,30	34,39	11,31	
Empregado sen titulación	99,12	0,88	67,54	31,58	0,88	
Labrego/gandeiro	100,00	0,00	93,33	6,67		
Ocupación da nai						
Empresaria con empregados/as	100,00	0,00	71,43	28,57		
Autónoma	88,46	11,54	57,69	30,77	3,85	7,69
Empregada con titulación	78,57	21,43	53,06	25,51	21,43	
Empregada sen titulación	97,22	2,78	75,00	22,22	2,78	
Labrega/gandeira	94,44	5,56	83,33	11,11	5,56	
Ama de casa	95,65	4,35	56,21	39,44	4,04	0,31
Concepción de Galicia						
Rexión	87,27	12,73	52,73	34,55	9,09	3,64
Autonomía	88,85	11,15	49,66	39,19	11,15	
País	97,85	2,15	70,97	26,88	1,08	1,08
Nación-Estado	100,00	0,00	82,35	17,65		
Que se considera fundamentalmente?						

Só galego/a	94,44	5,56	77,78	16,67	5,56	
Máis galego/a que español/a	100,00	0,00	82,88	17,12		
Igual galego/a que español/a	91,64	8,36	56,45	35,19	8,01	0,35
Máis español/a que galego/a	83,33	16,67	22,22	61,11	11,11	5,56
Só español/a	69,57	30,43	17,39	52,17	30,43	
Outros	92,75	7,25	44,93	47,83	5,80	1,45
Ámbito científico						
Xurídico-social	85,11	14,89	56,38	28,72	13,83	1,06
Humanidades	96,36	3,64	74,55	21,82	3,64	
Tecnoloxía	95,32	4,68	51,49	43,83	4,26	0,43
Ciencias experimentais e da saúde	98,70	1,30	75,32	23,38	1,30	
Categoría profesional						
Persoal funcionario	95,11	4,89	56,61	38,51	4,02	0,86
Persoal contratado	87,92	12,08	62,32	25,60	12,08	

No sector do PAS o factor *idade* indícanos que as persoas máis novas entenden mellor o galego, e nótase neles seguramente a influencia da escolarización en galego, fronte ás de máis idade que non a tiveron.

En canto ao factor “estudos”, podemos observar que existe unha diferenza notable entre aquelas persoas que realizaron estudos de EXB, G. escolar e B. elemental (case 20 puntos por debaixo de todos os outros) e as que realizaron estudos de BUP, FP ou universitarios. Canto máis estudos teñen máis entenden o galego.

PAS QUE ENTENDE O GALEGO SEGUNDO AS CONDICIÓNS SOCIAIS DE EXISTENCIA

<u>Condicións sociais de existencia</u>	Grao de coñecemento					
	Agregado		Desagregado			
	SI	NON	(Grao de significación: .05)			
	(Moi ben + Ben)	(Regular + Mal)	Moi ben	Ben	Regular	Mal
Idade						
Menores de 33 anos	99,01	0,99	61,39	37,62	0,99	
33 a 43 anos	96,06	3,94	57,64	38,42	3,94	
Maiores de 43 anos	89,81	10,19	45,37	44,44	8,33	1,85
Estudos realizados⁴						
G. escolar, EXB, B. elemental	76,00	24,00	16,00	60,00	20,00	4,00
Secundaria, BUP, FP	97,59	2,41	51,81	45,78	1,81	0,60
Universitarios	95,74	4,26	62,98	32,77	4,26	

⁴ A categoría de primarios incompletos sacámola porque soamente existen dúas persoas entre as entrevistadas.